

# INCLUSIÓN NO DEPORTE

## O PAPEL DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS



### A QUEN VAI DIRIXIDO:

Persoal técnico das federacións deportivas galegas, xuíces/as, deportistas e calquera outro vinculado coas federacións

### DURACIÓN:

20h (12 horas presenciais, 4h online e 4h de traballo autónomo)

### OBXECTIVOS XERAIS:

- Coñecer os conceptos clave relacionados coa inclusión no deporte.
- Comprender as diferentes vías de inclusión no deporte.
- Fomentar o proceso de integración deportiva nas federacións deportivas galegas.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Analizar os distintos modelos de entender a discapacidade e a súa incidencia coa práctica deportiva.
- Coñecer o espectro de inclusión no deporte.
- Comprender o papel da comunidade nos procesos de inclusión no deporte.
- Diferenciar as distintas opcións de práctica deportiva para persoas con discapacidade.
- Adquirir recursos metodolóxicos para garantir a inclusión na práctica deportiva.
- Coñecer experiencias reais de procesos de inclusión no deporte.

### INSCRICIÓNS:

Ata o venres 27 de outubro de 2023

Enderezo electrónico: [escolagalegadodeporte@xunta.gal](mailto:escolagalegadodeporte@xunta.gal)  
(Indicar nome e vinculación coa federación deportiva galega, teléfono e mail)

Telf de contacto: 881996360 - 88199662 - 881996365 - 881996367

**CONTIDO:****Bloque I: Introducción ao marco teórico da inclusión no deporte (4h)**

Venres 3 de novembro – Edificio do Servizo Provincial de Deportes (A Coruña)

Neste bloque farase un repaso polo concepto e os modelos da discapacidade, así como polo espectro de inclusión no deporte. Ademais, falarase do papel da comunidade neste proceso. Nel intervirán Carla da Silva (Clúster da Industria do deporte e do Benestar de Galicia e IMAS Spain) e Iago G. Mendiña (SOMOS).

**Bloque II: Os modelos segregados, ou como incluír desde a contorna (4h)**

Martes 7 de novembro – Edificio do Servizo Provincial de Deportes (Vigo)

Neste bloque farase referencia ás diferentes posibilidades de práctica de xeito segregado, xa sexa en clubs/deportes específicos ou en clubs/deportes convencionais, en categorías específicas para persoas con discapacidade. Aquí intervirán a Federación Galega de Deporte Adaptado e a Fundación Enki.

**Bloque III: Os modelos inclusivos, ou como participar de forma conxunta (4h)**

Martes 14 de novembro – Online

O terceiro bloque fará un repaso polas diferentes opcións de práctica deportiva inclusiva en diferentes niveis e os distintos recursos metodolóxicos a empregar nestes casos. Neste bloque participarán Carmen Ocete (Down España) e David Izquierdo (IMAS Spain).

**Bloque IV: Experiencias prácticas no espectro de inclusión no deporte (4h)**

Venres 24 de novembro – Escola Galega de Administración Pública (Santiago)

No último bloque presentaranse diferentes experiencias prácticas que pretenden por de manifesto o tratado nos bloques anteriores, poñendo especial relevancia nas múltiples opcións de participación derivadas do espectro de inclusión no deporte. Neste apartado contarase coa presenza do BASKETMI Ferrol, do Club Maristas Coruña e do Saski Baskonia SAD.

**Bloque V: Elaboración dun plan de inclusión - traballo autónomo (4h)**

Para finalizar, neste curso haberá un bloque de traballo autónomo de 4 horas, nas cales as persoas participantes terán que elaborar un plan de inclusión na súa entidade, apoiándose nos recursos e ideas tratados ao longo desta formación.

| DATA       | HORARIO     | LUGAR DE CELEBRACIÓN                               |
|------------|-------------|--|
| 03/11/2023 | 16.30-20.30 | Servizo Provincial de Deportes – A Coruña          |
| 07/11/2023 | 16.30-20.30 | Servizo Provincial de Deportes – Vigo              |
| 14/11/2023 | 16.30-20.30 | Online – plataforma Webex                          |
| 24/11/2023 | 16.30-20.30 | Escola Galega de Administración Pública – Santiago |